

# KAREAL

Nº. 25

Cuadernos de creación literaria  
Arte

**KAREAL (CUADERNOS DE CREACIÓN LITERARIA Y ARTE)**

**AÑO XIII. NÚMERO XXV**


**ISSN: 2254-3678**

**DEPÓSITO LEGAL: PO 236-2012**

**REVISTAKAREAL@IESALLERULLOA.ES**

**WWW.REVISTAKAREAL.BLOGSPOT.COM**

**HTTP://WWW.EDU.XUNTA.ES/CENTROS/  
IESALLERULLOA/REVISTA KAREAL**



**Número  
25**

**Premio Mención especial del  
público  
Premios LOBOS 2013  
Asociación de prensa juvenil**



**Acceso con el teléfono móvil:  
CÓDIGO QR de la web de  
KaReal.**


**EDITA: DEPARTAMENTO DE LENGUA  
CASTELLANA  
IES R.M. ALLER ULLOA (Lalín)  
COORDINACIÓN Y MAQUETACIÓN: JAVIER LÓPEZ  
© LOS AUTORES.  
KAREAL NO SE HACE RESPONSABLE DE LAS  
OPINIONES VERTIDAS EN LA PUBLICACIÓN.**

# SUMARIO

PRESENTACIÓN.....	2
MICRORRELATOS.....	3
FABULAE.....	7
ADVERTS.....	29
MERCADOTECNIA.....	33
EL MUNDO IMAGINARIO DE ACTORES Y ACTRICES..	43
DIÁLOGOS.....	51
Normas de presentación de trabajos.....	56

# PRESENTACIÓN

Y entonces comprendió que todo era fruto de su imaginación... Cada día que había escrutado buscando un impulso que le permitiese levantarse de la cama; cada aliento que había sorbido en la mirada de los demás; cada instante de composición de su rutina y de sus deseos; cada sorbo del tiempo pensando en la vida que se acababa cuando, en el fondo, nunca había comenzado. Es cierto que los sueños a veces se confunden con los simulacros de la vida: la bolsa de basura llena que se rompe sigilosamente en una esquina, el charco de agua que te salpica, la melodía de los rumores de la calle. Solo entonces podemos comprender que nunca se hubiese dado cuenta de que él mismo era espejismo.



A landscape painting of a dirt road winding through a field. The road is light brown and leads towards a dense forest of tall, thin trees in the background. The foreground is filled with green and yellow grasses. The overall style is impressionistic with visible brushstrokes. There are several black oval marks scattered across the page, possibly representing punch holes or registration marks.

# MICRORRELAT

## O desastre da cociña

Era unha mañá de inverno e Lucía acabara de espertar. Cando chegou á cociña para almorzar, viu aquel desastre. O seu cadelo Tobi sempre fóra traste, pero nunca fixera unha falcatuada como aquela, toda a comida desperdigada pola cociña, vasos rotos... Lucía no primeiro que pensou naquel momento foi na súa nai e a bronca que lle ía caer.

MARTÍN DÍAZ

## Mundo paralelo


Nun recuncho de Galicia, un grupo de excursionistas daban un paseo polo monte, cando comezaron a oír unha serie de ruídos. Decidiron acercarse para ver do que se trataba e topáronse cun edificio que tiña unha enorme porta vermella. Entraron nel, e ao pasar pola porta, chegaron a un mundo completamente distinto onde todo estaba destruído. Cando se deron a volta para volver, déronse conta de que a porta vermella desaparecera, e quedaron atrapados naquel mundo consumido polo caos.

JAVIER BARCALA

## O heroe das tormentas

Nun mundo lonxano naceu un pequeno dragón chamado Arlo. Era un dragón de lume, coas ás moi pequenas que non lle permitían voar. Este pequeno dragón creceu cos seus amigos e todos vivían felices no mundo das estrelas, ata que o caos intentou apoderarse do mundo das estrelas. Arlo co seu pequeno tamaño derrotou ao caos e salvou o mundo das estrelas.

SAMUEL FERNÁNDEZ



## Soidade

Unha muller estaba tranquila vendo a televisión, soa na casa. Sabía que non había ninguén máis no mundo, porque todos os seres morreron... Cháman á porta...

ADRIÁN NOGUEIRA

## Xoan, o protector da maxia

Nunha fraga encantada, habitada por seres de luz, un mozo chamado Xoan adentrouse nun carreiro descoñecido. Alí, atopa unha chave de ouro brillante que parece ter poderes especiais. Con curiosidade, Xoan segue o rastro da chave e descobre unha porta oculta no tronco antiga árbore. Ao abríla, é transportado a un reino máxico cheo de criaturas fantásticas e marabillas imaxinables. Guiado pola chave, emprende unha procura para atopar ao sabio gardián do reino, quen lle revela que el é o elixido para restaurar o equilibrio entre a maxia e o mundo humano. Con valentía e sabedoría, consegue superar desafíos increíbles, desfai un encantamento malvado e devolve a harmonía ao reino. Ao final da súa aventura, a chave convértese nun amuleto, converténdoo no protector da maxia e dos segredos da fraga.

MARÍA VILLAMARÍN





**FABULAE**

## AS SETE MARABILLAS

No ano 1500 a.C. naceu un neno chamado Impu. Un neno alto, delgado, de tez branca e un pelo tan negro como o acibeche. Tiña uns ollos moi grandes e verdes como a esmeralda. El era normal como eran os da súa idade na Antiga Grecia. Este neno creceu construíndo cousas e deseñando casas e edificios.

Vinte anos máis tarde, cando volvía do traballo, atopouse cunha xema de gran valor e beleza. Nada máis entrar en contacto coa súa pel, a xema expulsou unha aura de tonalidades verdes e amarelas. Cando Impu pensou que non podía pasar nada máis raro, unha voz cavernosa falou dende o interior da pedra “o portador desta pedra máxica está obrigado a construír sete estruturas máxicas neste mundo. Como recompensa cumpriránselle sete desexos por cada estrutura que constrúa”. O home tardou en reaccionar, pero cando o fixo só puido esconder a pedra e gardala como a súa peza de máis valor da que nunca falaría a ninguén e da que ninguén nunca sabería.

Os anos pasaron, mais Impu non conseguiu esquecerse da pedra. Cada ano convencíase de que debería construílas porque era o que el quería, o seu soño. Por iso decidiu empezar a planear todo para a primeira construción. Pasou moitos anos planeando, pero parecía que nunca envellecía.

A primeira marabilla levoulle moito tempo e moitas horas de dedicación, pero ao final ese esforzo non foi en balde. Dese traballo naceu o Coliseo Romano. Este empezouse a construír no ano 72 d.C. e non se acabou ata o 80 d.C. Foi un dos mellores anfiteatros do mundo. Todo o mundo falaba del. A fama desta marabilla deu-lle ánimos para seguir construíndo, e nada máis acabar o Coliseo púxose mans a obra coa segunda marabilla. Era a quenda de Cristo Redentor, unha obra coa que expresaba toda a súa fe. Con ela buscaba transmitir paz e tranquilidade e logrouno.

A pesar de ser moi discreto e tentar que ninguén se enterase do seu poder, uns axentes secretos do PMP empezaron a observalo sen que se dese de conta e a investigar sobre el. Despois de construír a terceira estrutura, a perfecta Petra, unha das súas favoritas, polo seu tamaño, detalles, cor, etc..., os axentes empezaron a investigalo moito máis a fondo, sobre todo o soldado Pico e a xefa Lola. Estaban moi interesados no beneficio propio que lles podía dar a pedra. Pero Impu seguía sen decatarse. E seguiu facendo vida normal. Nunca casou nin tivo fillos, sempre apoiando aos máis necesitados.

A cuarta marabilla foi a Gran Muralla China, pois lle recordaba aos xogos de princesas e príncipes de cando era pequeno. E desta idea tamén saíu outra marabilla, a que dedicou a súa querida irmá pequena, o Taj Mahal. Pero non puido facer as dúas marabillas restantes que quedaban, porque Pico e Lola lograron roubarlle a pedra. El non entendía nada, pois non sabía que ansiaban o seu poder. Cando descubriu o que sucedeu quixo arranxalo, porque a parte de facer moitos sacrificios por esa pedra, tamén quería acabar de construír as sete marabillas.

Usou o seu enxeño e dotes artísticas para tenderlles unha trampa a eses ladróns. Botou man de todo o seu coñecemento sobre ese tipo de pedra e fixo unha copia para facerlles crer que había máis pedras que a que eles tiñan. Tamén preparou un terreo para levalos a un territorio coñecido cheo de trampas e enigmas. Coa axuda duns amigos infiltrouse na PMP e conseguiu eliminar todos os papeis nos que se falaba sobre el. Fixo chegar información da falsa xema a Pico e Lola, que accederon a ir visitalo para chegar a un acordo. Así que o día acordado foise ao seu terreo onde quedara cos axentes.

O tempo pasaba e cando pensaba que non ían vir, apareceron os dous ladróns. Ao velos empezou a desconfiar do seu plan pero como non tiña nada que perder, seguiu adiante. Empezaron a conversación tranquilos pero ambos os bandos desconfiaban do inimigo. E foi entón cando Impu empezou co seu plan. Chamou a súa atención falándolle da existencia de máis pedras como esas, e de que se tiñan as sete pedras podían converterse en deuses, pero as sete pedras só podían converter a unha persoa en deus, non a dúas. E foi entón cando empezaron a pelexarse entre os dous e a tentar chamar a atención de Impu, pensando que lles daría o suposto mapa para poder chegar ás pedras.

Impu finxiu facerlles caso e mostrouse coma un simple neno parvo con moito poder nas súas mans. Simulando torpeza entregoulles un simple mapa antigo que os levaba a un lugar a poucos metros de alí. Entón eles marcharon correndo e caeron na súa trampa, unha caixa feita dun titanio que nunca chegaría a conseguir o home, porque era máxico e a humanidade correría un gran perigo tendo tanto poder. Coa pouca amabilidade que lle quedaba ofreceulles facer un intercambio, a pedra que eles tiñan por unha máis poderosa que atopara noutro planeta, unha pedra que era falsa, algo que non o sabían os axentes. Crendo ser máis listos que Impu aceptaron. E así foi como logrou desfacerse deles, xa que cando se enteraron da estafa xa era moi tarde, e perderon de vista para sempre a Impu, que se escondeu moi ben de Pico e Lola.

Coas ganas que lle tiña ás últimas marabillas, Impu comezou a construír a penúltima estrutura: Chichén Itza, un monumento no que quería representar como superou o seu maior medo, as alturas. Despois de esta obra empezou a construír a última maravilla, o Machu Picchu. Este monumento transmitía amor pola natureza, con el quería que a humanidade tomase o hábito de coidar o seu entorno e a súa terra, que cada vez estaba máis mala.

Co seu traballo rematado decidiu pensar nos seus sete desexos, pero por agora tiña que gozar un pouco da vida. Tantos anos de traballo non o deixaran descansar, polo que era o momento de recoller a súa máis prezada recompensa.

## ESCRITURAS POLO VENTO

Romano era un escritor aillado e frustrado, farto de tanta soidade pola presión da editorial. Berroulle ao seu editor: “non aguanto máis, marcharei sendo guiado polo meu corazón e plasmando nos meus libros o que o vento me dicte en cada viaxe, e verás o equivocado que estabas!” O editor burlouse del e Romano colgou. Colleu a súa pluma favorita e un montón de folios para despois saír sen destino en busca de historias.

Romano escapou da súa deprimente vida, agora feliz e chea de aventuras e coñecementos. Foi ata unha oficina de mercenarios dicindo “eu pagarei a quen me leve a unha illa inexplorada”. Ninguén lle fixo caso menos un mercenario que aceptou e levouno ata a illa para logo abandonalo á súa sorte. A Romano non lle importou e seguiu avanzando na illa inexplorada atopando unhas ruínas nun gran bosque. Romano entrou sen medo vendo que estaba cheo de pinturas dunha antiga civilización, e descubriu a súa historia. Tratábase dunha civilización avariciosa que fixo un pacto co demo para ter riquezas inmensas. Romano seguiu camiñando vendo máis murais e encontrou unhas follas que contaban o final da civilización. Un deles desafiou ao demo, polo que el como castigo acabaría con eles. Romano escribiu todo. Atopou un pasillo sen saída; atopou unha pedra que sobresaía e apareceu un portal que arrastrou a Romano.

Romano abriu os ollos e deuse conta de que estaba ao revés. Puxo os pés no chan e deu uns pasos ata atoparse cunha muller. Preguntoulle onde estaba e ela contestou en Rillelón, unha cidade sen leis de todo tipo. Romano pegou un salto e flotaba. Romano veu a cidade enteira. Logo caeu ao chan e escoitou a alguen chorar. Atopou un home calvo e gordecho que tiña unha placa que dicía Alcalde Raymond. Romano falou con el e descubriu moitas cousas sobre aquel lugar. O alcalde levouno a unha estación de tren.

No tren non había ninguén polo que Romano estaba extrañado. Seguiu avanzando no tren vendo todo vacío e as ventás pintadas de negro. Romano buscaba ao maquinista para saber cara a onde iban, pero o tren empezou a moverse lentamente polo que Romano empezou a correr ata a seguinte zona do tren coa esperanza de atopar a alguén. Cando viu fume, relaxouse ao atopares ao maquinista. Descubriu que era un robot algo oxidado e facía moito ruído ao moverse. Romano decidiu buscar aceite para poder limpalo, pero un gran silencio apoderouse do lugar. Cando mirou atrás, o robot estaba como novo xa que estará nun tren pero seguía en Rillelón o tren despegou as ventás estaban limpas. Romano mirou tras unha ventá e había unha gran cidade, cun gran castelo De súpeto escoitou o chirrido do tren freando e saíu querendo saber en que país estaba. Encontrouse co rei Francisco, un personaxe moi egocéntrico e extraño, pero sen ser unha mala persoa. Romano falou con Francisco que se ofreceu a ensiñarlle a cidade. Ao final do tour pola cidade acabaron no castelo onde Romano lle preguntaría como volver a casa. Francisco respondeu que era posible, mais non sabía se acabaría onde quería.

Nunha das grandes máquinas abriuse un portal feito por Francisco para Romano. Francisco deulle un traxe a Romano e advertiuno por última vez. Romano asentiu e dun salto acabaría no portal. Romano abriu os ollos e viu unha quenlla pasando ao horizonte. Seguiu camiñando encontrando unha gran cidade onde había moita xente metade peixe. Cando unha persoa moi alta cunha coroa e capa se acercou a el, o señor berroulle “son o gran Didacus Mare, que buscas na miña cidade?” Romano respondeulle “busco aventuras, escribir o meu libro e voltar ao meu fogar.” Didacus díxolle que o axudaría. Romano estaba impresionado vendo animais nadando pola cidade. Ao chegar ao laboratorio do castelo os científicos berráronlle a Didacus por non levar a Romano antes porque querían investigalo. Nunca viran un humano. Didacus dixo que non lle fixesen nada a Romano porque era seu amigo. Didacus organizou un gran banquete no que había marisco. Comeron todos mentres falaban e rían. Ao día seguinte Romano preguntoulle a Didacus como podía volver a casa. Didacus respondeu que abriría un portal, colleu o seu tridente e así o fixo. Romano avanzou ata o portal.

Ao abrir os ollos veu un gran cristal no tellado. Ao baixar a mirada un oco apareceu onde estaba o ceo, levantou a mirada e encontrou unhas escaleiras polas que subiu encontrando portas nun corredor. Encontrou unha gran porta decorada con cráneos.

Romano abriu a porta. Ao camiñar cara adiante encontrou tres esqueletos, un moi grande cun mandoble igual de grande que el e unha coroa; os outros esqueletos eran moi pequenos con espadañas moi pequenas. Romano mirou unha luz púrpura do gran esqueleto e o esqueleto faloulle “non sabes quen son eu, verdade. Son Ravus o último rei de Kandabrah”. Romano preguntoulle como o castelo estaba invertido, ao que Ravus respondeu “o meu pobo e eu queríamos ver as deusas para saber como eran e falar con elas, pero non lles gustou. Deron a volta ao castelo acabando con todo o meu pobo. Maldecíronme e tamén aos meus xenerais”. Despois retou a Romano a un combate para poder acabar coa súa maldición. Ravus perdeu e díxolle que golpease o cristal na entrada para darlle a volta ao castelo, para falar coas deusas. Romano volveu a entrada e golpeou o cristal, subiu as escaleiras, chegando ata as deusas e pediulles que liberase aos esqueletos da súa maldición. Aceptaron e abriron un portal.

Romano atopábase no espazo. Tiña a sensación de que non podía respirar. Intentou regresar polo portal pero non pudo. Cando pensou que iba morrer, deu uns pasos e atopou un cráter. Pensou en entrar por el pero non se atrevía. Ao final pechou os ollos e saltou. Foi andando e atopouse cun home coa roupa rota e despeinado. O home explicoulle que el fora á Lúa nunha nave que estourou. Estaban alí atrapados. O home e Romano comenzaron a falar mentres camiñaban. De súpeto escoitouse un gran estruendo no interior da Lúa. Entón apareceu un cristal. Romano tocouno e apareceu un portal polo que ambos entraron.

Romano empezou a caer vendo algúns lugares que explorou: as ruínas do bosque, Rillelón, a cidade dos ceos, a cidade submarina, a torre de Ravus e a Lúa. Pouco a pouco desvanecíanse. Mirouse as mans porque notaba algo estraño e deuse conta de que el tamén se estaba desvaecendo. Pechou os ollos con forza coa esperanza de sobrevivir. Un cachiño despois golpeuse, abrindo os ollos e vendo que estaba na súa casa. Romano foi ata o seu escritorio e todo estaba no seu sitio. Mirou nun caixón, no que atopou un frasco de medicamentos, lembrando que tiña que tomar a súa medicación para a esquizofrenia. Usou a súa alucinación para rematar o libro. Romano logrou o que quería ser, recoñecido e querido.

SOFÍA E GUILLE



— Ola Mía, que fas?

Mía levantou a cabeza para prestar atención á súa mellor amiga, Lúa. Eran as oito e media da mañá e todos os seus compañeiros de clase armaban un escándalo mentres a profesora non chegaba. Lúa acababa de deixar as súas cousas no seu pupitre e empezou a falar coa súa amiga.

— Estou lendo un rato, a ver se ven a profesora e calan todos dunha vez.- dixo Mía mirando de esguello cara a todos os seus compañeiros levantados.

— Ti? Lendo? É hoxe a fin do mundo ou que?

— Non esaxeres Lúa, só é que este libro enganhoume de verdade

— Apóstome algo a que mañá xa o devolves á biblioteca.

— Non é da biblioteca- respondeu Mía con pereza. Onte quedara ata tarde lendo ese mesmo libro.

— E logo de onde é?- cuestionou Lúa con curiosidade.

Nese momento a profesora entrou pola porta bastante malhumorada, como sempre, antes de tomar o seu café da mañá. Todos os alumnos calaron e apareceron no seu sitio coma se se teletransportasen ao instante. Mía suspirou algo máis calmada polo silencio que agora reinaba a aula, sacou o caderno de matemáticas e apartou con coidado a novela romántica que lle regalara súa tía. Co sono que tiña non sabía como ía soportar aquel día, aínda encima con matemáticas a primeira hora. Que tortura era aquela!? “Este vai ser un día longo”, pensou a rapaza mentres empezaba a escribir o enunciado que a profesora ditaba.

Facía bastante tempo que Mía e Lúa se fixeran amigas, sería fai 6 meses cando faláron por primeira vez. A Mía custoulle máis abrirse con Lúa por unha mala relación que tivera fai tempo, mais rematou encontrando á súa mellor amiga.

Lúa e Mía son o seguinte grupo - o profesor de bioloxía terminara de ditar as parellas para o próximo traballo que tiñan que entregar en tres semanas.

Mía levantou a mirada ao escoitar o seu nome e volteouse ao ver o asento de Lúa. A rapaza sorriulle dende o outro lado da aula.

— Ola, ti es Mía, non?

— Si, Lúa, verdade?

Lúa asentiu coa cabeza mentres que Mía bostezaba, aínda estaba medio durmida pola clase tan aburrida de bioloxía. O profesor empezou a falarnos da súa vida en metade da clase, como se isto nos importara.



Durante as tres semanas de traballo quedaron varias veces en lugares públicos, como o centro comercial ou algunha cafetería. Aquel venres no instituto, pola mañá falaran de quedar esa mesma tarde na cafetería que solían frecuentar, “A cafetería Maruxa”. Achegábase a hora na que quedarán e Mía xa estaba lista para saír de casa cando recibiu unha chamada de Lúa.

— Ola, Mía, hoxe non podo saír á rúa porque estou enferma, se queres, podes vir á miña casa para seguir co traballo, creo que non é contaxioso...-Dixo Lúa con voz nasalizada.

— Vale, non te preocupes, seguro que queres que vaia á túa casa. Non quero molestar e podo facer a parte do traballo que toca hoxe eu soa.

— Non molestas e, ademais, quero facer a planificación de como a programamos.

— Está ben, mándasme a túa localización?

— Agora mesmo.

Colgaron a chamada e Mía empezou a buscar as súas chaves pola casa. En canto as atopou saíu á rúa revisando a localización que xa lle mandara a súa compañeira. Non quedaba moi lonxe, así que chegou máis rápido do que esperaba. Unha vez na casa de Lúa timbrou, pero en vez de abrirolla ela, abriulle o seu pai.

— Quen es ti?

— Eu son Mía, a amiga de Lúa. Veño aquí para rematar unha tarefa que nos tocou facer xuntas e como me dixo que se encontraba mal, preguntoume se quería vir á súa casa para rematar o proxecto. Pero se molesto, voume e hoxe facémolo por separado.

— Non, a min non me importa. Só me sorprendeu porque non me dixera nada e ela é unha rapaza que sempre avisa.

- Xa pero non llo dixo porque acabámolo de decidir agora e ao mellor non se decatou.- explicou Mía.

Despois diso o home deixouna pasar e mostroulle onde quedaba o cuarto de Lúa. Ao pasar deixounas soas e pechou a porta de novo. Mía mirou cara á cama onde estaba a súa amiga medio adormilada e con varios paquetes de panos na súa mesiña de noite. Lúa mirou a Mía e saudouna cun sorriso. A rapaza devolveulle o saúdo e comezaron a facer o proxecto que tiñan planeado.

Xa pasara un rato e as dúas estudantes estaban bastante cansas, pero o bo era que xa remataran o traballo.

- Bueno... Xa que rematamos, falamos de algo?- preguntou Lúa con ganas de conversa.
- Vale, non teño presa, de que queres falar?
- Non sei... Quen che gusta?
- Gustarme alguén? Non, nunca me gustou ninguén.
- Ninguén!? Falas en serio?
- Si, incluso tentei namorarme ou que alguén me gustase romanticamente, mais nada.
- Para iso había unha sexualidade non? Serás asexual?
- Non, non é iso, iso é cando non che atrae ninguén sexualmente, pero si romanticamente.
- Entón o contrario como era?
- Non sei...

Nese momento o teléfono de Mía comezou a soar. Seus pais estábana chamando para dicirlle que volvera a casa. Ao colgar despediuse da súa amiga e volveu a casa.

Ao chegar seguía sen quitarse da cabeza a dúbida da súa sexualidade, así que investigou en internet e topou a sexualidade coa que se sentía identificada: arromanticismo.

Ela quería-llo contar, mais non se vía capacitada de decirllo. Ao final sentiuse capaz de comentar-lle como se sentía.

Aquel luns Lúa preguntoulle a Mía que tal ía co de ser arromántica. Ela foi correndo ata o baño arrastrando a Lúa para explicarllo. A Mía dá-balle vergoña dicirlle isto á xente porque tiña medo ao rexeitamento, pero como se levaba ben con Lúa quíxollo contar.

- Mía grazas por contarme isto, ti sabes que eu te apoiarei no bo e no malo.
- Amigas para sempre!- dixeron as dúas ao unísono.

ARIADNA E IRENE

## UNHA GRAN AMIGA

Xiana era unha nena cega. Perdeu a vista nun accidente de coche cando era máis pequena. Decidiron operala e sacarlle os ollos, xa que senón podería propagárselle unha gran infección. A súa irmá Tamara tamén ía nese coche, e como o accidente se produciu porque Xiana choriqueaba e o seu pai mirou cara atrás, sempre foi en contra dela (case morre por culpa da nena). Como tiña sobrepeso e un gran problema na vista, a súa irmá tiña todo o que quería para meterse con ela e facela sentir mal. Así comezou a peor etapa da súa vida.

Como os seus pais a vían moi afundida pensaron que un animal co que puidera compartir os seus sentimentos lle axudaría a resolver a súa frustración. É así como chega unha nova vida á súa casa no día do seu aniversario: unha labradora branca de dous meses, con moita enerxía e ganas de xogar e gozar na compañía de Xiana. Decidiu chamala Néboa, xa que era unha gran fanática de Heidi e cando a súa irma a facía sentir mal, voltaba a ver os seus capítulos para esquecer o anterior. Pese a que esta cadeliña era moi pequena practicamente dende que naceu recibiu un gran adestramento para convivir con persoas cegas, polo que xa sabía todo o necesario para facer sentir a rapaza máis independente.

Durante o primeiro ano todo foi xenial. A mellora do seu estado mental e físico fixo que puidera sobrelevar facilmente os comentarios de Tamara. Isto a ela non lle gustaba moito e decidiu cambiar o seu método de molestar. Decidiu comezar a facerlle trasnadas ao can. Pensou que iso si que lle podería molestar máis a súa irmá. Non se equivocaba.

O 23 de febreiro a meniña espertou cos laidos do seu can. Tras comer un anaco de carne con alfinetes cravados pola súa irmá tiña unha gran hemorraxia interna e moitos órganos furados. Rapidamente avisou aos seus pais para levar a pobre cadeliña coa súa tía, que era veterinaria.

Nin os proxenitores nin Rosa, a tía, lle daban a razón sobre que a culpable de todo iso fose Tamara. Despois de que pasaran a examinala, comunicáronlle á nena que probablemente non se salvaría. De ser así tería que pasar por unha operación de gran risco. Saíron varias bágoas por parte de todas as acompañantes, pero sen dubidalo, dixeron que si se arriscarían. Se a operación saía mal perderíana, pero se non executaban a complicada e perigosa intervención cirúrxica tamén. Durou seis horas. Neste tempo achegáronse á casa para darse unha ducha e tentar desconectar do delicado tema. Ao merendar un reconfortante bocadillo de Nocilla e un xeado de froitos do bosque, voltaron novamente á clínica. Cando chegaron só faltaba media hora, polo que entre nervios e un pouco de desesperación conseguiron aguantar ata que chegou o momento. Pese a que aínda estaba cos efectos da anestesia puideron abrazala e bicala como nunca antes o fixeran. Despois de dous días en observación, cando xa estaba case recuperada levárona para a casa. Foron os días nos que a cadeliña estaba máis mimada, tamén nos que a ela non lle parou de dar voltas a cabeza.

Quería denunciar a súa irmá polos malos tratos que lle ocasionara tanto a ela como ao animal. Un amigo do seu pai era avogado, decidiu que o mellor sería consultalo con el, xa que era un profesional neste tema, e aínda que lle quería dar unha lección á súa compañeira de vida, era a súa irmá e non precisaba facerlle tanto dano como ela lle fixera. Tras unha longa chamada, decidiron que o mellor sería esperar uns días observándoa e mirando como se comportaba. Tamén acordaron tentar recoller o maior número de probas e situacións para ter algo ao que aferrarse se por algunha razón tiña que ir a xuízo. Con isto tamén podería ensinarlle á súa nai que Tamara non é a persoa que ela cree, que si lle fixo dano á cadela en diversas ocasións e que habería que tomar algunha que outra decisión importante. Ao día seguinte, Xiana levou a analizar os alfinetes que lle sacaran a Néboa acompañada do avogado. Ían para ter recollido nun documento oficial que a súa irmá realmente foi a que os colocou nese apetitoso anaco de carne e lle fixo dano a cadela. Despois de 78 horas unha carta deste lugar chegou ao despacho. Rapidamente el avisou a Xiana e sen pensalo dúas veces abrírona. Tal e como eles pensaban as pegadas coincidían, e con iso e outros obxectos e vídeos xa tiñan todo o necesario para ir denunciala. Unha vez alí, cando xa todo estaba feito Xiana por fin puido respirar fondo. Sacouse un peso de enriba que cun pouco de preocupación esa noite xa puido durmir mellor. Todo o tema respecto a denuncia levábo Antón, o avogado. Ela por iso non se tiña que preocupar xa que confiaba plenamente en el e en que ían darlle a razón.

Despois dunha semana, atopábase na súa casa cando recibiu unha chamada. Tería que asistir a un xuízo ao día seguinte as dez e media. Comunicouno na casa e pese a que os seus pais se enfadaron un pouco por denunciar a súa irmá en canto lle ensinou todas as probas a súa furia cara a ela desapareceu e foi todo enfocado cara á súa irmá. Ao día seguinte levantouse as seis da mañá, estaba moi nerviosa e non daba durmido. Preparouse para ir, e mentres agardaba a que pasaran horas de saír comezou a ver unha película para sacar o formigueo que tiña dentro. Cando chegaron rompeuse un silencio incómodo entre a demandante e a acusada. O xuíz deulle a razón, pero impúxolle unha orde de alonxamento e unha indemnización de 12.000 euros para pagar a operación, e tamén para as súas próteses de ollos. Ao sacar a pasear ao can, Xiana baixou de peso e pasou de ser a máis esquecida á mais popular do instituto.

LEDICIA E UXÍA

## TRATO SECRETO

Trato Secreto: 1 persoa leva moito tempo nunha empresa de un xénero musical. Cando quere saír da empresa xa non pode porque sabe demasiadas cousas. Intenta saír pero pásalle algo peor...

Érase unha vez Bangchan, un chico alto, moreno e guapo pertencente ao grupo de música Stray Kids. Traballa para unha empresa de música na que cantan, bailan... e ten un xefe chamado JYP cuns plans maliciosos para el e os seus compañeiros. O problema é que leva moito tempo nesa empresa e sabe moitos segredos. Como o dono non quere que os conte e arruíne o seu negocio, obrigouno a quedar para sempre na empresa. Bangchan ten aos seus compañeiros de grupo. Son bastantes, pero Lee Know e Felix son cos que ten máis confianza, os cales lle van axudar neste tema, e tamén a escapar.

Un día normal, no descanso, despois de traballar, Bangchan contoulle a Lee Know que JYP intentou matar a Félix por todos os segredos que coñecía, para que así non puidese abrir a boca. Dúas semanas despois, JYP deuse conta de que revelou un dos seus segredos máis escuros. Entón empezou a vixiar máis de cerca a Bangchan e Lee Know. Cando Bangchan lle contou a Lee o segredo, intentou chamar a policía. Xusto no momento que ía chamar, o seu móbil deixou de funcionar, como se o hackearan. Despois disto JYP convocou a Lee Know a unha reunión, a que acabaría sendo un secuestro. JYP mandouno a outro país para que se perdera e non volviera a velo máis por alí. Os días seguiron pasando e Bangchan e Felix preguntáronse onde estaba Lee Know. Sentíronse sós sabendo todos eses segredos. Sabendo que se llos poidesen contar a súa familia, eles poderían axudarlles. Mais non podían, nin sequera os podían ver nin contactar por teléfono. A empresa estaba decaendo economicamente e eles o único que querían era escapar dela para nunca xamais volver. Non lles podían contar ningún dos seus problemas aos demais traballadores, porque senón pasaríalles o mesmo que a Lee Know. Días despois, os fans estiveron preocupados por Lee Know, polo que, nun vídeo en directo que fixo Felix preguntáranlle onde estaba Lee Know. JYP veu esa pregunta polas cámaras de vixilancia e uns minutos despois chegou el á habitación na que estaba Félix e díxolle que o necesitaba un momento. Ese momento volvéronse días e os fans aínda se preocuparon máis.

Despois diso empezáronse a expandir rumores moi malos de que JYP escondía algo e quen o dixera sería asasinado. Os medios de prensa a nivel mundial fartáronse de sacar novas sobre JYP. A empresa tivo que facer un vídeo desmentindo esta información, onde se vían aos dous xóvenes con caras moi tristes e con moita

A empresa agora tiña moi mala fama. Por suposto, a culpa era de JYP e tiña moi merecido. Que está pasando con Bangchan? El é como o pai de Stray Kids e non soporta o que está facendo JYP con seus compañeiros de grupo. Dito isto un día decide cobrar vinganza. Escapou da súa habitación en medio da noite e foi á comisaría a denunciar a JYP. Eran as 4:00 da madrugada, polo que JYP estaba durmindo tan tranquilo sen saber o lle esperaba. Cando espertou viu a dous policías diante del mirándoo. Empezaron a facerlle preguntas sobre onde estaban Felix e Lee Know e que lles pasara. Como JYP non quería responder aos policías, ameazárono con destruír a súa empresa. Entón díxolles o lugar onde estaban Felix e Lee Know. Cando chegaron ao horrible sitio onde estaban eles secuestrados, era moi escuro, cheiraba moi mal e estaba todo cheo de humidade. Víronos tirados no chan e con múltiples feridas nos seus corpos. Non tiñan comida e estaban agonizando mentres choraban. A JYP condenárono a 12 anos de prisión, pero o problema aínda non estaba solucionado xa que cando saíse do cárcere todo ía ser peor.

## 2 MESES DESPOIS

Agora Félix e Lee Know estaban nun centro de rehabilitación recuperándose de todo o sucedido. Bangchan estaba máis tranquilo, aínda que sabía que algún día JYP volvería ás andadas e poderían pasar cousas peores das que xa viviran...

Os rumores seguían aí e os fans estaban preocupados pola saúde de Félix e Lee Know e tamén por cando poderían volver a velos. Aínda que eles estaban mellor grazas a todo o apoio que recibiran diariamente polos fans.



EXTRA!

Diario de JYP:

12/01/15

Bangchan acaba de contarlle un dos meus segredos a Lee know. Vou ter que facer algo ao respecto. Creo que será mellor torturalo ata que me diga que segredo lle dixo Bangchan para despois matalos aos dous.

21/01/15

Lee Know está chamando á policía pero nunca van conseguir meterme entre rexeas. Antes prefiro matalos, aínda que me veñan chorar millóns de persoas ESTÚPIDAS. Pode ser que se den conta pero nunca me van parar, e aínda que acabe no cárcere algún, día vou saír e todo será peor.

01/02/15

Acabo de levar a Felix e Lee Know a 41.921219, 64.551692 (coordenadas). Alí nunca os encontraran.

Odio todos os rumores sobre min, aínda que sei que son verdade. Nunca o vou aceptar.

(2015–2027) CÁRCERE

15/02/27

POR FIN VOLVÍN, BANGCHAN DESTA NON ESCAPAS...

NOA E MATEO



Amalia e Jenifer coñécense dende primaria. Sempre foron moi amigas e tiveron moitas vivencias xuntas. Pasaron todo o curso da súa vida unidas ata que chegou o día de ir a Universidade, Jenifer quería ser profesora de primaria e Amalia quería ser avogada; dado os seus camiños separados, pasaron bastante tempo separadas pero seguían tendo unha gran amizade. Cando remataron a Universidade, nunha reunión de antigos compañeiros de clase volveron a verse de novo, agora non hai quen as separe. Xuntas compraron un piso, adoptaron un can Golden Retriever chamado Thor e conseguiron traballo dacordo cos seus estudos. todo lles ía de marabilla ata que un día se lles ocorreu explorar o mundo, porque só coñecían España, e así aproveitaban a oportunidade de facer unha viaxe nas vacacións de verán, antes de volver ó traballo. Preparárono todo, as maletas, recolleron o piso, fixeron os papeis para levar ó can, etc.

Amalia e Jenifer pensaron os destinos aos que querían ir. Amalia quería ir a Grecia porque lle encanta a súa arquitectura e quere ver Atenas, mentres que Jenifer quería ir a Italia porque encántanlle os cadelos Lebrels e quere ver o Coliseo Romano e a Torre de Pisa. Tamén estiveron preguntando a amigos e amigas seus destinos para saber onde ir, Lucas un amigo de Amalia recomendoulles Perú, porque el foi e gustoulle moito o Machu Picchu; e Pablo un amigo de Jenifer recomendoulles a India porque parecíalle un lugar con moita cultura e tradición e de paso visitaban o Taj Mahal. Pero non sabían onde ir. Ao final, decidiron comezar a súa viaxe indo a Perú, tardaron moito en facer papeleos para levar a Thor de viaxe, pero con moito esforzo conseguirono. Xa no aeroporto, un home encapuchado preguntoulles a ónde ían de viaxe tan contentas e as nosas amigas non viron ningún problema en dicirlllo:

-Dirixímonos a Perú, vamos de vacacións para divertirnos un pouco - dille Jenifer un pouco extrañada. Pódese saber a que ven ese interese? Somos só unha abogada e unha profesora amigas que viaxan co seu can. Non vexo ningún problema.

O home misterioso, pensativo, fuxiu correndo cara á zona de espera.

Non lle deron moita importancia e seguiron andando cara á saída do avión, xusto antes de entrar no pasillo de entrada, no megáfono soa:

-Sentimos comunicar que o avión 32 non poderá saír debido a un incidente do piloto, todos os demais pilotos estarán ocupados e por iso a viaxe a Perú non se pode realizar polo momento.

-Ti quen crees que eres para sacarnos información e despois saír correndo para non ter que aguantar unha conversa cunhas mulleres coma nós. Éxisímosche unha desculpa pola túa parte- dille Olivia intentando calmarse.

-Sinto moito o de antes, non era a miña intención asustarvos, pero non tiña forma de avisaros que dentro de pouco vai saír un avión privado con destino a Perú. -Se vos dades un pouco de prisa conseguiredes chegar ao voso destino como prevístedes para as vosas vacacións. Sinto que o can deberá permanecer nunha xaula na bodega do avión, pero non lle pasará nada.

- Non! Nós queremos que Thor veña connosco. Dálle medo estar só! — protesta Jenifer. Por favor, non pode facer unha excepción? Así perdoámoslle o de saír correndo antes.

- Vale — dixolle o home, pero só pode ser unha vez, teredes que procurar con moita ansia que non se comporte mal, confío en vós.

Sen máis e sen despedirse volveu a saír correndo, pero esta vez cara á saída do aeroporto.

-Que persoa máis maleducada — bisbou Amalia.

Uns minutos mais tarde puxeron rumbo cara ao avión misterioso. Cando subirón ao avión atoparon xente moi rara pero elas tiñan moitas ganas de ir a Perú, por iso aceptaron subir para facer a viaxe. Cando sentaron nos seus asentos, Amalia o primeiro que fixo foi abrazar a Thor mentres Jenifer quedou alucinada coa familia que tiñan ó carón, eran unha nai, un pai, unha nena e dous nenos, pero iso non era inusual. O peculiar era que tiñan unha “Boa Constrictor” sobre o pescozo. Non lle deu moita importancia xa uqe viaxaban a Perú e verían cousas mais extravagantes, pero tiña unha parte de ela que presentía que algo non ía acabar ben.

Cando soou no altavoz que quedaban 10 minutos para desembarcar dixeron que estaban en Grecia, Jenifer e Amalia asustaronse porque perderon un avión embarcaron noutro rarísimo e ao final acabaron na capital de Grecia. Dado que ese era un dos seus destinos miraron pola parte positiva e decidieron visitar Atenas.

Jenifer e Amalia instaláronse para pasar unha semana no Acrópolis View Hotel porque aceptaban mascotas e porque estaba cerca de Acrópole de Atenas, do Partenon. Miraron todo cos ollos ben abertos, era moi extraño saír do seu país e visitar outro novo con tantas marabillas diante dos seus ollos. Remataron a súa visita unha semana despois, e embarcaron noutro avión cara a Italia.

Cando chegaron a Italia buscaron o hotel Artemide para descansar do voo. Ao día seguinte foron a visitar a Torre de Pisa, o Coliseo... Pasaron unha semana fantástica en Italia, atoparon amizades novas e probaron comida bastante saborosa. Pero era hora de embarcar cara a París. Cando chegaron, despois de ir ao hotel foron a unha cafetería, e de camiño á súa mesa atopáronse cuns rapaces de máis ou menos a súa idade que estaban a punto de coller a mesa que elas querían.

Mirándose cos ollos entrecerrados abalanzáronse e as nenas colleron a mesa gloriosamente:

Que sorte tedes - dilles un dos raparigos que competían contra elas. Dende aquí vese toda a cidade.

- Sodes españois! - exclama Amalia sorprendida. Non encontramos ningún español na nosa viaxe, mira que estivemos en Grecia e Italia e non encontramos ningún.

- Somos de Galicia - comenta o outro mozo.

- Ala, pois nós tamén! - vocea Jen. Se queredes podeades sentarvos aquí connosco.

Así, Amalia e Jen remataron a súa viaxe con eses dous rapaces e co seu can. Cando chegaron de volta a Galicia seguiron atopándose cos nenos de París.

E ó final non foron a Perú.

PALMIRA E ALBA

Alex era un chico agradable, amable e simpático. Era un rapaz de pelo castaño e ollos verdes, alto, delgado e moi amante da música. Era como calquera menos por unha pequena cousa, que tiña unha enfermidade chamada trastorno obsesivo compulsivo e iso trouxolle varios problemas no instituto. Os comentarios como “rariño”, “enfermo” e “retrasado” perseguíanlo por todas partes. Da igual canto se agochara, ou canto intentara ocultalo. Eses comentarios nunca desaparecían.

Alex, ao fin e ao cabo, tívose que acostumar a iso, porque sabía que iso pertencíalle a el, e tiña asumido que nunca podería facer nada para arranxalo. El simplemente ignoraba os comentarios, e non lles facía caso. O problema chegou cando os insultos se convertiron en golpes. Diso non había quen escapara. Seus compañeiros esperábano na saída para darlle malleiras por ser un “rariño”, por iso chegaba á súa casa cheo de sangue e golpes. A Alex os insultos dábanlle igual, mais as malleiras eran xa o seu peor medo.

O primeiro día non lle fixeron nada pero ao pasar unha semana de instituto xa empezaron a meterse con el:

- Ei, ti, rariño, esperámoste na saída. E como non estés hoxe alí, maña será peor - díxolle un dos rapaces que se metía con el.

Alex só quedaba calado cando os compañeiros se rían del. Ao acabar as clases, Alex saíu pola porta traseira do instituto para no encontrarse cos matóns. En cambio eles xa sabían ese truco, así que o esperaron alí:

- Así que intentando escapar, moi listo, pero non máis ca nós - dixo o mesmo rapaz agarrando a Alex polo seu xerse para estampalo contra a parede.
- Podédesme deixar en paz, eu no vos fixen nada - suplicou Alex.
- Non, porque eres un rariño - dixo outro mozo mentres lle pegaba a Alex.

Os matóns seguiron dándolle patadas ata cansarse e fóronse. Nese intre, Alex foise á súa casa. Estaba cheo de sangue, moratóns e tiña partes da ropa resgadas:

- Alex, que che pasou? - preguntoulle súa nai.
- Caínme, non é nada - dixo Alex abatido.
- Caiches dun sexto piso ou que? Por qué estás tan cheo de sangue? Volvéronte molestar esos rapaces, verdade? - preguntoulle moi preocupada.
- Si, e non van a parar porque son un rariño! - gritou Alex enfadado.
- Claro que non o es, non digas iso - dixo súa nai intentando consolalo.
- Déixame - dixo Alex camiño do seu cuarto.

A súa habitación estaba ordenada, todo posto ao milímetro: a roupa dobrada á perfección, o chan limpo e brillante, as mesas pequenas e os escritorios impolutos, xa que el limpaba cada 5 segundos. Alex tirou a roupa sucia para a lavadora e duchouse unha e outra vez. Quería estar totalmente limpo. Despois curouse todas as feridas e acostouse a durmir. Non tiña ganas de volver ao instituto para reencontrarse con aqueles rapaces.

